

INFORME DE LEGALIDADE DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA E REGULA A XUNTA CONSULTIVA EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

En cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto

Constitúe o obxecto do presente proxecto de Decreto polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

A complexidade da ordenación do territorio e o urbanismo en Galicia e a crecente demanda dos concellos de Galicia de contar con un órgano de asesoramento e interpretación sobre aplicación e interpretación da normativa vixente relativa á ordenación do territorio e urbanismo, aconsella que a comunidade autónoma dispoña dunha Xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo, prevista na Disposición adicional cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, engadida pola Disposición derradeira décimo primeira da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

A Xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo configúrase como un órgano consultivo, con funcións asesoras e de tutela da lexislación vixente, á vez que constitúe un instrumento útil para a elaboración de proxectos de disposicións legais, a adopción de medidas necesarias para a

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela
T. 881 995 346
sxt.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal



adecuada coordinación e normalización dos distintos instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos de Galicia. Asumirá tamén as funcións da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, a cal se integrará na Xunta Consultiva de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en canto esta se constitúa.

Por outro lado, ao ter que emitir informes e ditames preceptivos, tanto os que se establezan nas disposicións legais ou regulamentarias como os relativos ás disposicións legais e regulamentarias cuxa iniciativa lle corresponde ao centro directivo competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, asegúrase que a normativa e a súa interpretación sexa coherente co resto do ordenamento xurídico, creando un marco normativo estable que facilite o seu coñecemento e comprensión.

2. Marco normativo e competencial

De conformidade co disposto nos artigos 148.1.3 da Constitución Española e 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

O artigo 39 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que lle corresponde á comunidade autónoma a creación e estruturación da súa propia Administración pública, dentro dos principios xerais básicas do Estado. Pola súa parte, o artigo 41 indica que a comunidade autónoma exercerá as súas funcións administrativas por órganos ou entes dependentes da Xunta de Galicia.

Correspóndelle á consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no marco do establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo,

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela
T. 881 995 346
sxt.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal



polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. a proposta de disposicións administrativas de carácter xeral en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

3. Principios de boa regulación

De acordo co artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a adecuación os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia xustifícase na memoria xustificativa do presente proxecto de decreto.

Así mesmo, obsérvase o cumprimento do resto do mandato contido no artigo 129 da Lei 39/2015:

- En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a xustificación da necesidade normativa e os fins perseguidos figuran na memoria xustificativa.
- O proxecto respecta a lexislación básica comunitaria e estatal na materia, garantindo o principio de seguridade xurídica.

4. Estrutura do proxecto normativo

O decreto estrutúrase en dezasete artigos divididos en seis capítulos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e cinco disposicións derradeiras.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela
T. 881 995 346
sxt.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal



O capítulo I, dispón a creación da Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo, recolléndose no Capítulo II as súas competencias.

O Capítulo III, dedícase a regular o composición dos distintos órganos que conforman a Xunta consultiva, así como o nomeamento dos seus membros. Neste capítulo tamén se delimitan as competencias e funcións de cada un dos órganos.

O réxime xurídico da Xunta consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo contense no Capítulo IV, regulando o réxime das convocatorias das sesións, a constitución dos órganos e adopción de acordos.

O Capítulo V, dedícase aos informes e ditames que debe emitir, establecendo o carácter dos mesmos e o prazo para a súa emisión.

O Capítulo VI regula a memoria anual.

O texto finaliza cunha serie de disposicións, entre elas, unha disposición derradeira, na que se contempla a necesaria modificación do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para a súa adaptación ao presente Decreto.

5. Tramitación

O proxecto de decreto tramitase se conformidade co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela
T. 881 995 346
sxt.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal



No expediente conséntase que de acordo co disposto no artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o proxecto de decreto acompáñase dos seguintes documentos, correspondentes á fase inicial da tramitación:

- Acordo de inicio (30/04/2021).
- Autorización inicio tramitación do Consello da Xunta (12/05/2021).
- Memoria Económico-financeira (07/05/2021).
- Memoria Xustificativa (07/05/2021).
- Táboa de Vixencias (07/05/2021).
- Informe do servizo Técnico-Xurídico da consellería (12/05/2021).
- Aprobación Inicial (12/05/2021).

Na fase intermedia da tramitación foi sometido a os seguintes trámites:

- Trámite de audiencia e Información pública a determinadas administracións, corporacións ou entidades.
 - Trámite de Audiencia (14/05/2021), cun prazo de quince días.
 - Información pública e transparencia (14/05/2021-08/06/2021).
- Informe sobre os trámites de transparencia e audiencia, no que se analizan as alegacións presentadas. (09/07/2021).

Informes e ditames: Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela
T. 881 995 346
sxt.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal



- Informe da Dirección Xeral da Función Pública de 5 de xullo de 2021
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa de 16 de xuño de 2021
- Informe da Dirección Xeral competente en materia de orzamentos de 7 de xullo de 2021.
- Informe sobre impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de 14 de xuño de 2021.
- Informe de Impacto Demográfico de 11 de xuño de 2021.

Na fase final da tramitación, o expediente remítese a o preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 13 de setembro de 2021. As observacións do informe da Asesoría Xurídica foron incorporadas ao texto, de conformidade co informe emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, do día 1 de outubro do 2021.

A vista do anterior, e unha vez contrastada toda a documentación que consta no expediente, compróbase que a actuación desta Administración, tanto en canto á finalidade da norma como en canto á tramitación do expediente, adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como esixe o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela
T. 881 995 346
sxt.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal



6. Legalidade

De conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, deberá someterse á emisión de ditame polo Consello Consultivo de Galicia.

Trala emisión do ditame preceptivo polo Consello Consultivo, consonte co establecido no artigo 12 c) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, ao tratarse dun regulamento de execución dunha lei autonómica, o proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular desta Consellería e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de Decreto polo que se crea a Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

Santiago de Compostela,

A secretaria xeral técnica

(documento asinado dixitalmente)

Carmen Bouso Montero

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela
T. 881 995 346
sxt.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal

